



tod@ nen@ merece unha familia... en días

últimas novas

Galicia defiende a inversión en centros de protección á infancia e adolescencia e o BNG urge persoal y máis prazas

Destaca o fomento do acollemento familiar mentras que os nacionalistas sosteñen que fan falta mellorar servizos.

[Mascuidados.com](https://www.mascuidados.com)

Cartagena acolle o XI Encontro Estatal de Familias de Acolida para impulsar a protección infantil.

Máis de 200 persoas se deron cita en esta xornada na que se destacou o firme compromiso do Concello de Cartagena coa familia.

[EuropaPress](https://www.europapress.es)

SOS do sistema de protección: Galicia busca familias para acoller a nenos, nenas e adolescentes

Cunha bolsa de 345 fogares dispostos a coidar de nenos e nenas pequenos e adolescentes, Cruz Vermella tivo en marzo a 62 nenos, nenas e adolescentes en espera dun núcleo no que poder medrar para non facelo nun centro.

[cadenaser](https://www.cadenaser.es)

ASEAF alerta de que 1.300 nenos e nenas de menos de 6 anos viven en centros en España: "Non me digades qque isto non é alarmante"

Pedro Pérez destacou que, según os últimos datos do Ministerio de Xuventude e Infancia, a 31 de decembro do 2023, en España hai 18.000 NNA "medrando en acollemento familiar", e qmostrou a súa preocupación polo feito de que 1.200 nenos e nenas menores de 6 anos vivan en acollemento residencial.

[LaVozdeGalicia](https://www.lavozdegalicia.es)



O noso traballo



difusión

do acollemento

12 comercios 12 sensibilidades

Este mes de maio, a coñecida Tenda de María, situada en Santiago, colabora con ACOUGO dentro da iniciativa "12 comercios, 12 sensibilidades", un proxecto fomentado dende o concello que busca dar visibilidade á realidade do acollemento familiar e promover a implicación social no coidado da infancia.

Durante todo o mes, o espazo comercial de Cristina convértese nun punto de información, reflexión e sensibilización, ofrecendo materiais explicativos sobre o acollemento e compartindo mensaxes que poñen no centro os dereitos das nenas, nenos e adolescentes que precisan unha familia temporal.


Dende ACOUGO queremos agradecer a implicación de Cristina, que ofrece a súa tenda como escaparate de afecto e responsabilidade colectiva. Xestos coma este axudan a sementar unha cultura de coidado máis consciente e compartida.



12 comercios 12 sensibilidades

Charla de difusión - Aeroclub

Con motivo do Día Internacional das Familias, visitamos o Aeroclub da man da iniciativa 12 comercios, 12 sensibilidades, onde falamos sobre o papel das familias acolledoras e a importancia de crear contornos seguros para a infancia.



Contacontos en Xoana Torres

Realizamos unha xornada de contacontos cos Bolechas no CEIP Xoana Torres, achegando aos máis pequenos o valor do acollemento familiar a través dunha historia próxima, divertida e educativa.

Día mundial do acollemento

Instalamos un stand informativo para conmemorar o Día Mundial do Acollemento Familiar, repartindo material e visibilizando esta realidade tan necesaria. Contamos co apoio de autoridades locais, que achegaron o seu respaldo e compromiso coa infancia en acollemento.



O noso traballo



Recuncho solidario

O Recuncho Solidario de ACOUGO volve poñerse en marcha este verán, grazas á colaboración de distintas entidades e concellos que nos abren as portas para seguir difundindo a importancia da protección da infancia e adolescencia do sistema de protección, e o papel fundamental que teñen as familias como espazo de coidado e desenvolvemento. Cada ano, especialmente durante os meses de verán, desprazámonos por diferentes puntos do territorio galego para participar en feiras e eventos nos que poder falar sobre acollemento familiar, compartir información e resolver dúbidas da cidadanía.

Este mes de maio xa fixemos dúas paradas moi especiais: na xornada de familias monomarentais, onde abordamos a diversidade familiar tamén no acollemento, e na XV Feira da Familia de Ribadumia, onde instalamos o noso stand e achegamos esta realidade a veciños e visitantes con moita acollida. Con este artigo queremos agradecer o apoio recibido e tamén facer un convite aberto a calquera concello ou entidade que queira contar con nós nos seus eventos. Se queredes falar de acollemento e infancia protexida, estaremos encantadas de sumar. Podedes contactar con nós a través das redes ou da nosa web.

O noso traballo

grupo de participación

Son Jimena, formo parte do grupo de participación de ACOUGO, e este mes tiven a sorte de participar na quedada “Tecendo Rede” organizada por REDEIROS, o grupo de participación da Plataforma de Organizacións da Infancia de Galicia (POIG). O encontro celebrouse en Santiago de Compostela, e foi unha experiencia que vou gardar con moito agrado.

Durante a mañá falamos de cousas importantes: os nosos dereitos, que podíamos facer ante as inxustizas que atopamos no día a día e como podemos facer que a nosa voz sexa escoitada. Foi moi especial ver como todas e todos —de distintas entidades e realidades— podíamos aportar algo e aprender xuntos.

Pero tamén quero destacar algo igual de importante: o espazo para o lecer compartido. Pasámolo xenial no DivierttPark, un lugar onde puidemos desconectar, rir, xogar e facer grupo. Ese tempo de diversión axudounos a crear lazos, coñecemos mellor e volver a casa con unha sensación de equipo moi bonita.

Saín do día con enerxía, novas amizades e moitas ideas na cabeza. Grazas a REDEIROS e á POIG por contar connosco. As persoas mozas temos moito que dicir... e espazos como este demóstrano!

Jimena González Quintana





COIDANDO ÁS FAMILIAS

Fin de semana de respiro - 24 y 25 maio

O pasado 24 e 25 de maio, ACOUGO organizou un novo Respiro Familiar na contorna mariñeira de Panxón, un espazo pensado para favorecer o benestar das familias e ofrecer momentos de descanso, convivencia e apoio mutuo. Nesta ocasión, participamos nunha fin de semana chea de sol, natureza e conexión, onde tanto as persoas adultas como as crianzas puideron desfrutar dun tempo compartido fóra da rutina.

Durante a estancia, realizamos actividades ao aire libre pensadas para fortalecer os vínculos familiares e sociais. Paseamos pola praia, xogamos na area, e tamén fixemos espazos de conversa e encontro, nos que as familias puideron compartir experiencias arredor do acollemento e a crianza. Para os máis pequenos e pequenas houbo tempo para xogar libremente, correr, rir e facer amizades nun contorno seguro e relaxado. O Respiro Familiar é unha das accións máis valoradas polas familias que forman parte de ACOUGO, xa que permite desconectar do día a día e conectar con outras persoas que viven realidades similares, sempre desde unha perspectiva de coidado colectivo e apoio emocional.

Queremos agradecer ás familias participantes a súa enerxía e confianza, e tamén ás entidades e administracións que fan posible este tipo de encontros tan necesarios. Seguimos tecendo redes de afecto, coidado e participación en todo o territorio galego.

O noso traballo

XI ENCONTRO ESTATAL DE FAMILIAS DE ACOLLIDA

Participación de Acougo

Do 23 ao 25 de maio, Cartagena acolleu o XI Encontro Estatal de Familias Acolledoras, organizado pola Asociación Estatal de Familias de Acolliisa (ASEAF) e AFAMU, coa participación de máis de 200 familias e profesionais vindos de toda España.

Unha das mesas redondas destacou pola presenza de Mónica Permuy, representando a ACOUGO, quen tratou sobre o acollemento de urxencia e o "Concurrent Planning", compartindo experiencias e modelos infantís para favorecer a integración inmediata en

en contronos familiares.

A contribución de tantas asociacións permite fomentar o intercambio interterritorial de coñecementos e boas prácticas para mellorar o sistema estatal..

Para nos sempre e moi importante participar destes encontros para seguir medrando e coñecendo novas formas de traballar.

Ademáis neste caso Acougo foi un aporte moi rico no debate sobre os modelos innovadores de acollida, especialmente no ámbito da resposta urxente, apoiando unha infancia acollida e protexida dende a primeira fase da integración



Asociación galega de familias de acogida

todo neno merece unha familia... ou dúas



www.acogedoras.org

NENO, NENA E ADOLESCENTE

FAMILIAS DE ORIXE

FAMILIAS ACOLLEDORAS



ACOUGO
Asociación Galega de Familias de Acolida

CAMPAMENTO AGARIMOS

Comparte o teu tempo e solidariedade ao carón de crianzas do sistema de protección.

26 AGOSTO - 04 SETEMBRO

C.X. 'Os Chacotes' (Palas de Rei)

687 861 741

voluntariado@acougo.gal

www.acougo.gal

BUSCAMOS VOLUNTARIADO!!

BUCAMOS VOLUNTARIOS PARA O NOSO CAMPAMENTO

A Asociación Galega de Familias de Acolida, ACOUGO, organiza este verán o campamento "Agarimos" dirixido a nenos e nenas en proceso de acollemento. A Xunta de Galicia colabora con este proxecto, que ten como obxectivo ofrecerlles un espazo de convivencia, ocio e apoio emocional nun ambiente seguro e afectuoso.

Precisamos persoas voluntarias para participar nas actividades lúdicas e deportivas e axudar na coordinación e no coidado dos pequenos durante a estadia no campamento.



anuncios importantes

LEVA O RECUNCHO SOLIDARIO A TEU CONCELLO

Desde ACOUGO achegamos ás vilas galegas o Recuncho Solidario, un espazo informativo e vivencial onde falamos do acollemento familiar e das necesidades reais das nenas, nenos e adolescentes que forman parte do sistema de protección.

Se formas parte dunha asociación, concello, centro educativo ou simplemente queres implicarte, podes contactar connosco para organizar unha xornada co Recuncho Solidario no teu entorno. Entre todas e todos podemos sementar conciencia e agarimo 💙



ACOUGO
Asociación Galega de Familias de Acolida

RECUNCHO SOLIDARIO

- O XOGO DE ACOUGO
- STAND INFORMATIVO
- MERCHANDISING

Leva a cultura do acollemento a teu pobo, concello ou vila.

CONTACTA CON NOS:

Tlf: 622 672 188
email: info@acougo.gal

www.acougo.gal



1

Moitas grazas pola túa
colaboración e apoio á
entidade.

contáctanos

Rúa Manuel María, 6
CP: 15705
Santiago de Compostela
+34 622 672 188
@acougo.gal
info@acougo.gal
www.acougo.gal